

ACTA DA REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO ASESOR DE COMUNICACIÓN DO CONCE- LLO DE AMES CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DE 2018 ÁS 20:05 HORAS.

Sendo as vinte horas e cinco minutos (20:05) do día 26 de xuño de 2018, reúnese no salón de plenos da Casa consistorial, os representantes do órgano asesor do Pleno do Concello en materia de comunicación, coa asistencia das persoas que de seguido se indican:

M^a Isabel Vaquero Quintela, presidenta do Consello asesor de comunicación do Concello de Ames.

Oliva Agra Costoya, en representación do grupo municipal PP.

X. Henrique Costas, en representación do grupo municipal I.C. - Ames Novo.

Francisco Javier García Guldrís, en representación do grupo municipal Contigo Pódese.

Luisa Feijoo Montero, en representación do grupo municipal PSOE.

Ramón García Argibay, en representación do grupo municipal PxA.

Javier Carnota López, en representación do Colexio de Xornalistas de Galicia.

Xoan Xosé Hidalgo Neira, en representación das asociacións deportivas do Concello de Ames.

M. Carmen Liñares, en representación das asociacións culturais.

M^a Nazaret López Rodríguez, en representación de técnica de Ames Radio.

Antes do inicio da orde do día a Presidenta toma a palabra para informar de que, por un despiste, non asiste ningún funcionario que poida exercer de secretario/a do CAC.

Varias persoas asistentes amosan as súas queixas porque a convocatoria anterior non lle chegou, ao ir dirixida ao grupo municipal e non á súa persoa. Algúns asistentes informan de que non recibiron a documentación.

Acórdase:

1. Dada a falta dun funcionario/a que faga de secretario/a, gravar a reunión para que se poida redactar a acta.
2. Solicitar da secretaria do Concello unha aclaración sobre o que significa, no Regulamento da radio municipal, "un representante de cada grupo municipal" como membros do CAC (concelleiro/a do grupo ou outra persoa?, pódese delegar?).
3. Unha vez aclarado, solicitar o nomeamento dun representante nominal de cada grupo municipal
4. Envío da convocatoria por parte do secretario/a do CAC, xunto coa documentación e a acta da sesión anterior a todos os membros –persoas concretas- da CAC.

Punto primeiro.- Aprobación da acta anterior (13 de setembro de 2017).

A presidenta da lectura á acta da sesión anterior, sendo aprobada por maioría simple cos votos a favor de Isabel Vaquero Quintela, F. Javier García Guldrís, Oliva Agra Costoya, Xoán Xosé Hidalgo Neira, Javier Carnota López, M^a Nazaret López Rodríguez, e a abstención, por non ter estado naquela sesión, do resto dos asistentes á Comisión.

Punto segundo.- Programación aberta á veciñanza: balance e perspectivas

Toma a palabra Nazaret López para expoñer o informe sobre os resultados da convocatoria de programas cidadáns de xuño de 2017.

Fanse varias valoracións moi positivas sobre a súa alta calidade e o gran compromiso das persoas que fixeron eses programas ata xuño de 2018.

A presidenta informa da nova convocatoria en marcha e do fracaso da convocatoria do ano pasado para centros de ensino. Discútese sobre diversas posibilidades para abrir Ames Radio aos centros educativos, o cal se fará en setembro-outubro.

Punto terceiro.- Resultados da auditoría técnica

A presidenta presenta os resultados da auditoría encargada sobre o material técnico da radio e o orzamento estimado, realizada a finais de 2017, para o cal está reservado un crédito no orzamento municipal. Discútese a idoneidade dalgunha das propostas.

Punto cuarto.- Plan de actuacións 2018

A presidenta presenta o plan de actuacións, describindo e explicando brevemente cada unha delas.

Apróbase por asentimento de todos os presentes.

Punto quinto.- Orzamento da radio 2018

A presidenta presenta as contías máis importantes destinadas no orzamento municipal para a radio, co que se poden asumir a totalidade do plan de actuacións.

Apróbase por asentimento de todos os presentes.

Non habendo mais asuntos de que tratar, a presidenta do Consello Asesor de Comunicación levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día de referencia.